

## **CRITERIOS DE REPARTO E EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DAS PARTIDAS 220, 221.02 E 626 DA E.S. DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA**

### **EXERCICIO 2011**

Aprobada no Xunta de Centro 26/01/2011

#### **1. Reparto do orzamento**

- 1.1. Do orzamento ordinario do Centro procederáse a asignar ás distintas áreas de coñecemento que imparten docencia no mesmo, diversas cantidades pertencentes ás partidas 220 (material de oficina), 221.02 (suministros de docencia) e 626 (equipamento de laboratorios docentes) según os criterios recollidos nas presentes normas.
- 1.2. As cantidades repartidas entre as distintas áreas de coñecemento serán destinadas exclusivamente á adquisición de material necesario para dar soporte á actividade docente do profesorado do Centro.

#### **2. Adquisición de material de oficina**

- 2.1. As áreas de coñecemento utilizarán os fondos asignados vinculados á partida 220 para a adquisición de material de oficina necesario para o traballo dos profesores do Centro (bolígrafos, lápices, folios, grapadoras, etc). Asimismo, contabilizarase nesta partida o gasto de fotocopias que se realicen tanto no Servizo de Reprografía como nas fotocopiadoras da Escola.
- 2.2. O Centro proveerá de rotuladores e tizas para a impartición das clases, así como dos folios para a realización dos exames. Asimesmo, as fotocopias dos exames cargaránse ao Centro, e para elo os profesores utilizarán unha conta aberta a tal efecto na fotocopiadora de Conserxería.

#### **3. Adquisición de equipamento de laboratorios docentes.**

- 3.1. A partida 626 está destinada para a adquisición de equipamento dos laboratorios docentes do Centro.
- 3.2. As áreas que teñan asignada a responsabilidade da xestión de laboratorios docentes específicos para a docencia das materias das que son responsables disporán dunha cantidade vinculada á partida 626, para a adquisición deste equipamento.

#### **4. Adquisición de suministros de docencia.**

- 4.1. As áreas que teñan asignada a responsabilidade da xestión de laboratorios docentes específicos para a docencia das materias das que son responsables disporán dunha cantidade vinculada á partida 221.02, para a adquisición de material funxible e suministros necesarios para a impartición das prácticas.

#### **5. Tramitación do gasto**

- 5.1. Cada área de coñecemento designará un profesor responsable do gasto, entregando por rexistro un escrito asinado alomenos pola metade máis un dos membros da área no que autorizarán ao devandito profesor a realizar as solicitudes de gasto con cargo ao orzamento da área. Si se mantén o mesmo profesor do exercicio económico anterior non será necesario realizar este trámite.
- 5.2. A tramitación das compras realizadas polas áreas de coñecemento con cargo a estas dúas partidas deberán seguir o establecido nas normas de execución orzamentaria da Universidade de Vigo e as instrucións dictadas pola Administradora do Centro. Polo tanto rexeitaráanse as facturas que se tramitaran sen axustarse estrictamente a estas normas e instrucións.
- 5.3. As solicitudes de gasto con cargo aos orzamentos das áreas poderán entregarse en Asuntos Económicos ata o 21 de outubro do 2010.
- 5.4. A Dirección do Centro poderá pedir aclaracións acerca da necesidade docente que xustifique a adquisición de determinado material e equipamento, así como propor á Comisión Permanente a denegación da tramitación se a xustificación non se considera adecuada.

#### **6. Criterios de reparto.**

- 6.1. As cantidades das partidas 220 e 221.02 repartidas entre as áreas de coñecemento serán aprobadas pola Comisión Permanente unha vez recibida a notificación oficial do orzamento asignado ao Centro para o exercicio económico.
- 6.2. A cantidade asignada a cada área de coñecemento correspondente á partida 220 calcularáanse en función de:
  1. Horas asignadas no encargo de docencia da Escola para o curso 2010/2011 (70%)

2. Número de proxectos fin de carreira de primeiro ciclo dirixidos por profesores da área e leídos durante o ano 2010 (17%)
3. Número de proxectos fin de carreira de segundo ciclo dirixidos por profesores da área e leídos durante o ano 2010 (13%)

6.3. As cantidades asignadas ás partidas 221.02 e 626 calcularáanse en función das horas asignados no encargo de docencia da Escola para o curso 2010/2011.

6.4. Unha vez calculado o reparto, a Dirección enviará aos responsables de cada área as cantidades asignadas á mesma e, se así o solicitan, o desglose da aportación que cada un dos seus profesores realizan por PFCs.

## 7. Reparto orzamentario 2011.

220 – Material de oficina: 12.951€

- Centro: 6.051€
- Áreas: 6.900€

221.02 – Suministros docentes: 16.000€

- Centro: 14.000€
- Laboratorios Tecnoloxía Electrónica e Automática: 1.000€

626 – Equipamento de laboratorios docentes: unha vez comunicada pola Reitoría a cantidade asignada á ESEI neste concepto para o 2011, a Comisión Permanente decidirá as cantidades correspondentes a cada un dos dous grupos de laboratorios (laboratorios de ordenadores xestionados pola Dirección, e laboratorios xestionados polos departamentos de Tecnoloxía Electrónica e Enxeñaría de Sistemas e Automática).